

Área: Competicións

Circular nº 14 - Temp. 20/21

AFORO PROVISIONAL NO INICIO COMPETICIÓNS AUTONÓMICAS 20/21

Esta fin de semana comeza a rodar o balonmán galego. A publicación do DOG do 21 de Outubro de 2020 indica que os eventos deportivos poderán contar con público, sempre e cando se respecten as seguintes condicións:

- Todas as persoas deben permanecer sentadas en todo momento.
- Non superar o 50% no aforo máximo (sentados) da instalación, ata un máximo de 60 persoas.
- Poderá chegar a ampliarse o aforo a 100 persoas sempre e cando conte co visto bo da Dirección Xeral de Saúde Pública, e se solicite previamente á Secretaría Xeral para o Deporte, acompañando dita solicitude dun plan específico de prevención de contaxios e garantías organizativas.

A Federación Galega de Balonmán quere aclarar cuestións importantes en relación ao aforo nos encontros de categoría autonómica.

1. Estará prohibida a presenza de público nos encontros de categoría autonómica, a non ser que o club local dispoña de dúas persoas que realicen as seguintes funcións:
 - **Persoa 1: Control de acceso na entrada da instalación**, prever que non se produzan aglomeracións e que todo o mundo respecte a distancia de seguridade. Esta persoa debe comprobar os listados previos nos que figuren os datos dos/as asistentes (nome e apelidos, DNI e teléfono) e comprobar a temperatura, ninguén debe pasar de 37,5.
 - **Persoa 2: Acomodo do público asistente**, garantir que se compren as medidas de seguridade:
 - ✓ Distancia interpersoal de 1.5 metros en todas as direccións para o público asistente (incluídos convivintes).
 - ✓ Que o público permaneza sentado durante todo o evento.
 - ✓ Que o público teña máscara debidamente colocada en todo o momento.
2. O reparto do aforo realizarase do seguinte xeito:

- ✓ 1/3 do aforo máximo permitido para o equipo visitante (20 persoas no caso de que o aforo máximo sexa de 60).
- ✓ 2/3 do aforo máximo permitido para o equipo local (40 persoas no caso de que o aforo máximo sexa de 60).

Recordamos que o aforo máximo permitido é do 50% da capacidade da instalación (sentados), ata un máximo de 60 persoas.

Recomendase ao equipo visitante que tan só faga reserva do aforo en caso de que realicen o desprazamento en coches individuais, de non ser necesaria a presenza de máis xente para realizar o desprazamento (viaxes en bus, ou coches múltiples) non é aconsellable a mobilidade de máis persoas que as necesarias para disputar o encontro.

3. O club visitante debe enviar ao club locatario, antes do xoves anterior á disputa do encontro, ás 22:00 horas (excepcionalmente nesta xornada venres ás 17:00 horas); unha relación do público asistente pola súa parte (1/3 do aforo máximo permitido); esta relación debe constar de: nome e apelidos, DNI e teléfono de contacto de cada unha das persoas que vaian acudir ao encontro. Será a listaxe coa que o controlador de acceso realice a súa labor. **IMPORTANTE:** Se o xoves ás 22:00 horas a listaxe non está enviada por parte do equipo visitante, o equipo locatario poderá facer uso dese 1/3 do aforo que lle correspondería ao seu rival.
4. O club local debe levar un control tamén da listaxe do público que asistirá pola súa parte, cos mesmos datos que aporta o equipo rival.
5. No caso de que se disputen encontros entre diferentes equipos de xeito contiguo, se os/as deportistas da primeira quenda queren presenciar o segundo encontro, terán que ser contemplados no cupo máximo por club dentro do aforo permitido, así mesmo, deben permanecer sentados ao igual que os/as demais asistentes.
6. O club local debe informar ao club visitante antes do martes previo á disputa do encontro (excepcionalmente nesta xornada venres ás 19:30 horas) das medidas de restrición local en caso de que existan, sobre todo en cuestións de aforo e utilización de vestiarios.
7. A Federación Galega de Balonmán poderá dispor sempre de dúas localidades dentro do aforo máximo permitido, sempre e cando se produza un aviso previo ao club locatario; así mesmo reservase o dereito a realizar inspeccións no cumprimento das medidas tal e coma figura no protocolo.

En Vigo a 22 de Outubro de 2020